

O GRUPO HISTAGRA-CISPAC-USC, VALORA OS ACHADOS NA FOSA DO VAL, NO MARCO da CAMPAÑA DE EXUMACIÓNS DO PLAN DE MEMORIA DEMOCRÁTICA

A relevancia histórica da fosa do Val (Narón) constátase no proceso de intervencións arqueolóxicas e forenses

NOTA DE PRENSA: 15 de novembro de 2024

Os traballos de exhumación no cemiterio de O Val (Narón) deron comezo o 4 de novembro coa finalidade de confirmar a localización da fosa, delimitar as súas dimensións e determinar o seu grao de alteración unha vez constatada a súa ubicación baixo os nichos construídos derriba dela uns vintecinco anos despois dos asasinatos.

No informe histórico previo considerábamos un mínimo de 51 persoas, vítimas da violencia golpista, que foron enterradas en distintas datas dende finais de agosto de 1936 e 1938. Todos eles eran homes e a gran maioría tiñan entre 18 e 30 anos, eran mariñeiros, oficiais e suboficiais de Mariña e foron executados tras ser sentenciados por un tribunal militar a pena de morte. De forma concreta, as execucións de finais de decembro de 1936, con mais de 30 asasinatos, constitúen unha das maiores execucións colectivas das que temos constancia en Galicia.

A grandes liñas, podemos considerar que cumprimos cos obxectivos iniciais. A intervención deste ano contemplaba a realización dunha gabiá na parte dianteira dos nichos. No sector 3, onde se concentra a gran maioría dos restos con sinais de violencia, atopados ata o momento, aparecen inequivocamente, como mínimo, 4 individuos en posición non funeraria, indicando con claridade que se trata dun enterramento clandestino.

No sector 4 hai un individuo que podería ser algún das vítimas que buscamos, pero que non se pode determinar sen poder completar a escavación, debido ás construcións dos nichos.

No sector 2 aparecen 7 individuos, en posicións aparentemente funerarias; salvo un deles, no que parecen observarse sinais de violencia no cranio. Podería tratarse dun enterramento clandestino compartido con enterramentos funerarios convencionais, pero tamén poderían interpretarse como enterramentos convencionais todos eles. Non sería posible avanzar mais sen exhumar a parte dos restos ubicada debaixo dos nichos. Polo momento avanzouse ata onde foi posible nas condicións dadas, tratando de manter unhas as condicións de seguridade óptimas.

Pódese constatar tamén, que se observan diferentes fases e dinámicas de enterramento e que, segundo os indicios atopados, todos se concentran debaixo dos nichos e a maior profundidade.

Todo isto permite traballar coa hipótese de que os verdugos, conscientes da magnitude dos crimes que cometeron, foron tamén os responsables do intento

de ocultar as súas pegadas. Estamos a identificar a interpretar as pautas de ocultación en este proceso de investigación.

En todo caso, débese ter en conta que toda esta información son valoracións preliminares que precisan dun tratamento crítico reflexivo posterior, cunha posta en común de todo o equipo que adoptará a súa forma definitiva nas memorias da intervención que se publicarán no apartado do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática da páxina web de Nomes e Voces. E finalmente en publicacións científicas específicas.

Contacto da equipa:

Lourenzo Fernández Prieto, catedrático de Hª Contemporánea, IP do grupo de investigación HISTAGRA e director do Plan de Memoria Democrática en Galicia, 647344112

Antonio Miguez Macho, profesor titular da USC, responsable dos estudos históricos do Plan de Memoria Democrática, 651696823

Conchi López, historiadora e coordinadora dos traballos do Plan de Memoria Democrática, 605650185

Gustavo Hervella, xestor técnico do grupo de investigación HISTAGRA,
histagra@usc.es